

**Nº 22.- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA EMISORA MUNICIPAL DE RADIO POR ANUNCIOS PUBLICITARIOS E ANÁLOGOS DE SIMILAR NATUREZA.**

**Artigo 1.- Concepto**

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.a), ámbolos dous da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e tal e como prevé o artigo 3.2 da Lei 11/91, do 8 de abril, de organización e control de emisoras municipais, este Concello establece o prezo público por utilización privativa constituída pola utilización de anuncios publicitarios na radio municipal de Melide, conforme ás tarifas que se especifican no apartado 2 do artigo 3ª, que se rexerá pola presente ordenanza.

**Artigo 2.- Contía**

1- A contía do prezo público fixarase nas tarifas contidas no apartado seguinte atendendo ao tempo de emisión de cada anuncio.

2- Tarifas:

- Establecerase unha contratación mensual de publicidade para anuncios de duración non superior a 30 segundos. O prezo da emisión de 44 cuñas, a razón de dúas diarias durante un mes será de 45 euros.
- Para a emisión de espazos e campañas de publicidade especiais, con inclusión de sorteo de produtos (publicidade de casas comerciais, eventos patrocinados,...), fixarase un prezo de 15 €/día.
- Necrolóxicas funerarias: 7,04 € día, emitíndose en cada informativo.
- Gravación de anuncios: 15,38 €
- Patrocinio de programas cun máximo de 30 segundos: 7,11 euros/ programa.

Os prezos anteriormente fixados levarán o incremento do IVE vixente no momento de cada solicitude.

**Artigo 4.- Normas de xestión**

- 1- As cantidades esixibles conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento ou aboaranse con anterioridade á emisión do anuncio publicitario.
- 2- As persoas ou entidades interesadas na difusión de espazos publicitarios, deberán solicitalo previamente mediante as especificacións dos anuncios a emitir ou o tempo de emisión.
- 3- A autorización da emisión será competencia da Alcaldía ou da persoa adscrita ao servizo na que delegue, procedéndose simultaneamente á sinatura dun contrato entre as partes.
- 4- Os anuncios publicitarios emitiranse sen que se interrompa a continuidade do programa, salvo no caso de que este sexa patrocinado pola mesma casa comercial titular do anuncio.
- 5- Cada bloque publicitario non poderá exceder de tres anuncios como máximo para que a emisión de Radio Melide non sufra desaxustes na súa programación.

- 6- No mesmo bloque publicitario non se poderán insertar anuncios de publicidade de casas comerciais que traballen no mesmo ámbito de competencia.
- 7- O Concello resérvase o dereito de admisión daqueles anuncios publicitarios que así considere oportuno.

#### **Artigo 5.- Obrigados ao pagamento**

- 1- A obriga do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento da sinatura do contrato que ampara a emisión do anuncio, e por conseguinte no dito momento nace a obriga do seu pagamento.
- 2- O pagamento do prezo público realizarase na Tesourería do Concello ou onde estableza o Concello, e con anterioridade á emisión dos anuncios publicitarios.

#### **Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no BOP e transcorrido o prazo ao que refírese o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día no que isto se cumpra e permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Acordo plenario do 10/03/1997, modificado por acordo plenario do 12/11/2003.

(BOP nº 108 do 13/05/1997)

(BOP nº 267, do 20/11/2003)

(BOP nº 299, do 31/12/2003)

(BOP nº 267 19/11/2004 e BOP nº 300, 31/12/2004)

(BOP Nº 298, 30/12/2005)

(BOP nº 293, do 23/12/2006)

(BOP nº 300, do 31/12/2007)

(BOP nº 298, 29/12/2008)

(BOP nº 30, 15/02/2010)